

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 18 DE XUÑO DE 2015.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López (PP)

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> Luisa Pernas Quelle (BNG)

#### **Ausentes:**

D. Manuel Angel Meitin Rouco (PP)

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Intervención:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as once horas e trinta minutos do día dezoito de xuño de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN CREDITOS Nº: 9/2015 POR IMPORTE DE 172.600'00 € APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

### *MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,*

*No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de gasto corrente e de capital, obsérvase a insuficiencia de crédito para a realización dos seguintes gastos:*

- Reparacións de infraestrutura de carreteras e pistas forestais*
- Ampliación do terreo do campo de fútbol de entramento*
- Reparacións nos edificios do Centro Cívico*

*De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 4.285.406,92 euros, dos que 4.145.431,72 figuran dispoñibles.*

*A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaprazable nos seguintes argumentos:*

*Insuficiente crédito para atender as necesidades de reparación ou bacheo das estradas que discorren polas parroquias do Concello así como das pistas forestais.*

*Substitución das portas exteriores existentes no centro cívico municipal (pavillón, cafetería) debido ao seu deterioro*

*Aportación municipal á obra de “Ampliación do recinto do campo de entramento municipal”, cofinanciada pola Dirección Xeral de Administración Local, por un importe de 38.074,22.*

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto</i>	<i>Aumento</i>	<i>Consignac. Final</i>	<i>Finalidade</i>
453.210	<i>Carreteras. Reparación de infraestruturas</i>	120.000,00	75.000,00	195.000,00	<i>Arranxo e bacheos das carreteras parroquiais</i>
459.210	<i>Outras infraestruturas. Reparación de infraestruturas</i>	50.000,00	45.000,00	95.000,00	<i>Arranxo de pistas forestais</i>
920.212	<i>Administración Xeral. Reparación de construcións</i>	8.000,00	30.000,00	38.000,00	<i>Substitución das portas metálicas exteriores do Centro cívico</i>
342.622	<i>Instalacións deportivas. Investimento de reposición</i>	0,00	22.600,00	22.600,00	<i>Ampliación terreo campo entreno. (P. 22/15)</i>
<b>TOTAL</b>			172.600,00		

*O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.014.*

*En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de Crédito Extraordinario por importe de 22.600,00 euros e Suplemento de Crédito por importe de 150.000,00 euros, nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 9/2015 de Modificación de Créditos por importe total de CIENTO SESENTA E NOVE MIL SEISCENTOS EUROS (172.600,00 €)*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícanse ás razóns que motivan a proposta de modificación de créditos anteriormente transcrita.

Polo Sr. López Hermida sinalase que con independencia do sentido do voto do BNG, considera necesario que todas aquelas propostas que supoñan un custo económico dunha certa entidade, por exemplo máis de 100.000'00 €, deben vir avaladas por unha solicitude por escrito na que se reflectan, trala correspondente recollida de firmas, cantas persoas físicas ou xurídicas, están detrás e apoian cada iniciativa.

O cumprimento de dito requisito evitaría as inercias intolerables que se dan desde sempre en Xove inercias polas que determinadas actividades ou colectivos son un pozo sen fondo á hora de solicitar e recibir inversións e subvencións sen que ninguén poida saber cal é o verdadeiro apoio dos veciños a tales iniciativas.

Rematado o debate, o concello Pleno por unimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 9/2015 do Orzamento Municipal de 2015 por importe de 172.600,00 € reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; e sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo,

sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

## **2º.-EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CREDITOS Nº: 10/2015 POR IMPORTE DE 160.000'00 € APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*D. Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,*

*Vista a Providencia de Alcaldía de data 15 de xuño pola que se ordea a incoación de expediente de modificación de créditos ao amparo da Disposición Adicional Sexta do RDL 2/2004, de 5 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Réxime Local.*

*Visto o informe emitido pola Interventora Municipal de data 15 de xuño no que se examina o cumprimento dos requisitos previos para poder tramitar o expediente, a saber,*

*-existencia de superávit orzamentario e remanente de tesourería*

*-non existe débeda ni existe saldo na conta 413 de acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento, co que o superávit pode destinarse a investimentos que se consideren financeiramente sostibles*

*-inexistencia de débedas tributarias nin coa Seguridade Social*

*-cumprimento do período medio de pago a provedores.*

*Vista a Memoria subscrita por esta Alcaldía na que se recollen os investimentos que se pretende realizar, as partidas orzamentarias de aplicación e o importe*

*Visto o Informe emitido con data 15 de xuño pola Interventora Municipal no que se certifica o cumprimento dos requisitos que deben ter os investimentos a realizar para que podan ser considerados financeiramente sostibles, a saber,*

*- Os gastos son imputables ao capítulo 6 de investimento real e encádranse dentro de algún dos grupos de programa que prevé a Disposición Adicional 16ª do RDL 2/2004, de 5 de marzo, cal é o 161.*

*Os investimentos teñen unha vida útil superior a cinco anos e non se refiren a mobiliario, enseres e vehículos*

*-A contía que se destina é moi inferior ao importe do superávit orzamentario deducido da Liquidación do orzamento do exercicio 2014, 1.124.055,73 euros.*

*-Os gastos non impedirían a consecución durante 2.015 de superávit orzamentario e pola tipoloxía do gasto a realizar, os investimentos non deberían supoñer, aos efectos do seu mantemento, impedimento ningún para que a estabilidade orzamentaria se acade igualmente ao longo da súa vida útil.*

*Pola presente, proponse ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*ÚNICO.- Aprobar inicialmente o expediente nº 10/2015 de modificación de crédito mediante a dotación de Suplemento de Crédito seguintes partidas e para os fins que a continuación se sinalan, financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de CENTO SESENTA MIL EUROS (160.000,00 €):*

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consign. Inic. + aumentos anteriores por proyecto</i>	<i>Aumento</i>	<i>Consignac. Final</i>	<i>Finalidade</i>
453.619	<i>Carreteras. Inversión de reposición en infraestructuras</i>	160.366,50	160.000,00	320.366,50	<i>Plan de aglomerados 2015. (P. 9/15)</i>
<b>TOTAL</b>			160.000,00		

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícanse as razóns que motivan a proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

Polo Sr. López Hermida reitéranse as obxeccións manifestadas no debate do punto anterior.

Rematado o debate, o concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 10/2015 do Orzamento Municipal de 2015 por importe de 160.000,00 € reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; e sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitiva.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as once horas e cincuenta minutos da data indicada no encabezamento, levántase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo

